

## **Seguemento das materias pendentes na materia de FÍSICA E QUÍMICA Curso 2021-2022**

Para o alumnado que teñan pendente a materia do curso previo procederáse do seguinte xeito:

- Se o alumno/a supera a materia no curso posterior, esta quedará automaticamente recuperada cunha cualificación de 5.
- A finais de abril ou comezos de maio levarase a cabo unha proba escrita global sobre a materia. O alumno/a pode optar por presentarse directamente a esta proba e de obter unha cualificación igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.
- Os alumnos teñen tamén a posibilidade de entregar un conxunto de actividades propostas (exercicios, problemas, cuestións...) en dúas datas ao longo de curso. Á volta das vacacións de Nadal recolleranse as actividades correspondentes aos bloques de química e á volta das vacacións de Semana Santa, as correspondentes aos bloques de física. A cualificación destas actividades suporá un 50% da cualificación total e o 50% restante obterase da proba escrita a efectuar no mes a determinar. Se a media ponderada das actividades e a proba é igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.
- O alumnado que non conseguiu recuperar a materia durante a 1ª, 2ª ou 3ª avaliación poderá presentar de novo as actividades de reforzo e presentarse a unha proba escrita durante o mes de xuño. A cualificación destas actividades suporá un 50% da cualificación total e o 50% restante obterase da proba escrita. Se a media ponderada das actividades e a proba é igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.